

1 úm. 68

Tomo 6.º

nóis

CASTELLAS



BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario
Vicente Risco

Direitor Artístico
Alfonso R. Castelao

Administrador
ANXEL CASAL

DIRECCIÓN E REDACCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 36 1.º—A CRUÑA

ABONAMENTO

Doce números, na Península 8'00 pesetas.
Fora da Península 8'00 "
Número solto 0'70 "

NOTA

Este boletín non publicará mais orixinais qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redacción.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

Estrelina...! poesía por GONZALO LÓPEZ ABENTE.
A Visita, por RAMÓN OTERO PEDRAYO.
Catálogo dos Castros Galegos do SEMINARIO D'ESTUDOS GALEGOS.
Arquivo Filolóxico i-Etnográfico de Galiza.
Os homes, os feitos, as verbás, POL-A REDACCIÓN.

Reloxería ZENITH

MAQUINAS PARLANTES DISCOS
AGULLAS e ACCESORIOS

M. CALVIÑO - Ourense

Vicente Risco

Abogado

Santo Domingo, 47-2.º

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XI



Ourense 15 de Agosto do 1929



Núm. 68

E S T R E L I Ñ A . . . !

À lus do teu sorrir, que o mar espella,
eu querocho contar, rosa garrida,
rosiña do alto ceu, rosa bermella,
o segredo fatal da miña vida.

Eu querocho contar, mais ti ben sabes
este remorso crû que levo dentro,
pois, tés no cinto pendurando as chaves
que son do mundo corazón e centro.

Estreliña que vexo pol-as noites
palpebrexar no fondo azur do ceo,
de cote agarimosa aínda que escoites
trepidar a tormenta no meu seo;
eu queroche contar
meu agudo penar...

Xa sei que d'esa altura todo ves
canto sucede na mansión humana,

(Do libro NEMANCOS que ten no prelo NÓS.)

e que sempre me miras a través
dos vidros transparentes da ventana;
pero ti tamén sabes o consolo
que causa no afrixido corazón
abandonarse nun fraterno colo
facendo unha sinceira confesión.

Estreliña, estreliña,
fror do ceo feiticeira
que de noite me asexas pol-a miña
desfechada vidreira,
escoita a miña confesión, escoita,
escoitame con calma,
e pon, c'o teu sorrir, remate á loita
que remexe a miña alma.

GONZALO LOPEZ ABENTE



A V I S I T A

Casiña pequeneira de modesta fidalguía. Non compre maxinar unha cidade morta de tempo medido pol-as bateladas das cirexas com'aquelas que Azorín descubría nos seus tempos de esculca anciosa. Hai illós antigos hastra nas grandes vilas modernas. Haberaos d'iste xeito namentras non baixen á coba total-as señoras que se lembran das dilixencias, da República e do estaneo do sal. E aínda despois haberá outras velliñas n'outras salas que non podemos maxinar coma serán.

Casiña limpa com'unha peseta nova. Millo, com'a prata barroca, espuma do metal; limpos cernes de castaño nas táboas, ferros briladores, batería de cociña briladora ó rayolar d'ise solciño curioso de pucheiros. Criada vella, d'aldea, das antigas teceláns, de saya de picote, agora educada pol-a señora e volta n'unha especie de deo-vota. Economía, mais por amor de método e locimiento d'intelixenza que por necesidade. Longo rosario debullado á noite. A señora com'unha canonesa honoraria gastaba as horas da mañan na catedral. Unha nova lus pendurada dos ácios e ramallos do altar dourado, dáballe nova da chegada da primavera. Sempre cruzaba as rúas, as mesmas, novas cada mañán pr'o seu ollar esculcante, ollar de calada protesta contr'as cousas novas que ten moito da defensa da virxinidade das vellas cont'a tentación. Doña Crara. Chamábase co iste nome de fontela, de roupa branca, de abreinte, de toca monxil, de aula, de convento. Saudábana algúns señores vellos. Relembrábana fermosa i-elegante baixando do coche de volta do viaxe de noivos. Na casa raíña coma doña

Berenguela na crara Castela. Angueiras ordeadas, monásticas. Na sala o retrato do difuntiño: señor d'aldea, barbas loiras. Doña Clara comprábase vendo como se non inzaba de cañas. Tiña leiras na montana, leiras de pán. Chamábanlle os «agros de D.^a Clara» e n'elas sempre o centeo tiña pureza litúrxica e se non enchía de herbas rufs. Cando os rendeiros lle levaban os cartos admirábanse das máns branquiñas de D.^a Clara. Un inverno sumábase a outro inverno. Apenas remataba o repinicar das chuvias nos vidros, xa chamaban n'eles outras orballeiras outonizas. Un reumatismo. Door asoegado qu'hastra fai compañía pol-as noites. Quizais unha caída, de súpeto, sin espricación, na escaleira. Ises golpes que non son nada, nin teñen conseqüencias, nin rompemento ningún, mais anuncian fatalmente o pasamento das velliñas.

E xa non saía da casa. Seu maior pracer era entrar na sala de visita e sentada no sillón que fai curtesía ó outro sillón, tendo no meio o gran sofá onde se sentou un Bispo, soñar, longamente, c'as visitas d'outrotempo. Viñan señoras de boa caste, algunhas c'as suas fillas e noras. Entón, sentíase na Sociedade. N'o mundo. Unha sociedade velloita, ó marxe do vivir mais pra ela a soila dina de consideración. Si tiver filla ou sobriña quizais ela s'intresase pol-os automóvieis e pol-as modas d'hoxe. Mais sin risadas novas os balcóns d'a casa franqueábanse car'un mundo interior d'alcanforadas lembranzas.

D.^a Crara ouvira as misas gregorianas de total-as suas amizades. Xa, nin conecía un bô confesor. Soíña na sala, á hora das visi-

tas, agardaba. Quizais confiada, sen se decatar de que xeito aquel fino pó sobre das consolas e do espello trazaba un velo d'esquecemento com'o que viste as mármore das sepolturas.

Pasaba outro outono. Xa o solcifo non viña a mirar a hora no fermoso reló de bronce dourado. O día de Todos os Santos encinzouse o ceo e ruxiron as vellas madeiras do fayado. Enchía a rua un rumor de xentes voltando do cemiterio. Pasaban croas de crisantemos. A señora c'a criada xorda rezaban un resario que sempre se pechaba sobre si sen rematar. Con extraneza d'ela mesma pensaba na xuventude lonxana. Tamén a criada cavilaba no tempo da castañeira, cando ouvíaa ós mozos falar do lobicán. Aquil ambiente d'estraneza medrou ó se sentir pol-a escaleira ús pasos tardeiros. Ouíuse un suspiro e o chamador estranouse de ser tocado. Grande legria rayolaba na murcha faciana de D.^a Clara. Unha visita. D.^a Clara doíase de que quizais a sala non estivera curiosa. Non coñecía a aquela señora. ¡Qu'importaba! Engurruñadifia, enfatezada ó antergo, falaba dend'a butaca. Verbas dispaciosas. Viñera d'aldea faguendo un grande esforzo, pra firmar ús papés na cidade. Falando, falando, atopáronse anti-

gas amigas. As tebras instaláranse na sala e soílo brillaba un pouco o reló sempre na mesma hora. O espello fíxose fondo como aberto sobr'outro mundo e pasaron por il greas de sombras: fidalgos cabalgando, estudantes románticos, señoras de pano mantón, carátulas de enforcados, coengos señoriles, parexas levadas n'un vals do Danubio, nenos empanados na caixiña branca, militares da guerra civil, moita xente boa, ises parentes que se perden na América, criadas conqueridas por noivos donxuanescos, paisanos de patillas e monteira en bico de xerra... As verbas das dúas señoras fóronse espaciando. As da visitanta rematarón n'un feble sospirar. Xa non locía o bronce do reló. D.^a Clara agardaba resposta. Afundida no sillón gostaba do frío e da noite e escomenzou outro longo rosario.

Por fin a criada despoixa de durmire acarón d'un lume morto decatouse de que as señoras estaban sin lús. Entrou na sala co quinqué aceso. D.^a Clara erguéu pra ela os ollos e acenándolle pra que non berrase, díxolle: — Non chames a ninguén. Déitate que son horas. Eu fico eiqui agardando tamén pol-a Morte.

RAMÓN OTERO PEDRAYO.

CATÁLOGO DOS CASTROS GALEGOS

PUBRICADO POL-A SEIZÓN DE PREHISTORIA
DO «SEMINARIO D'ESTUDOS GALEGOS» DE SANT-YAGO

A TERRA DO CARBALLIÑO

País de bocaribeira e de meia montana, a terra do Carballiño, forma un escalón entre as serras do Testeiro, Foxo do Cabrito e Madanela e o fondo val do Miño; escalón que se continua nos chaos de Amoeiros e de San Amaro, cuia catalogazón castrexa faráse algún día, e que por Cea ponse en contacto co val de Vilamarín, xa anteriormente catalogado.

Individualiza a rexión, que agora imos estudar, a corrente do Arenteiro, río que nace ó pé da serra da Martiñá e que vai por Oseira, Piñor de Cea e Carballiño, seguindo unha direición norleste sudoeste, deica entrar por Pazos, no Ribeiro da Avia.

A altitude meia de iste anaco do val do Arenteiro pasa moi pouco dos 500 metros e o seu reléve presenta abondosidade de mon-

ticelos, que ofrecen normalmente os perfis dondos propios das formazóns de estratos cristaiños que son as predominantes, non fallando así e todo afroramentos de pedra de gráesprotadosintensamente pol-oscanteiros.

Rube a ribeira cas suas viñas e piñeirales, seguindo o curso de algúns ríos (Arenteiro, Barbantiño, Viñao) deica perto do Carballiño e aínda os piñeiros invaden os arredores de ista vila e parte dos Concellos de Boborás, Cea e Irixo. O restante do país, mais achegado ás serras limítrofes, ten xa o aspecto típico da meia montana, con escasas coníferas, moitas carballeiras, grandes searas de centeo e farturentos prados e lameiros.

Bisbarra agricolamente rica, hai un dito. *Pra carne, pan e viño o Carballiño*, que gaba a boa calidade dos seus productos, mais debe así e todo principalmente a súa prosperidade e o seu incesante progreso, ó espírito mercantil i-emprendedor dos habitantes. Peritísimos en toda caste de tratos e c-unha antiga tradizón comercial, souperon adaptarse perfectamente ás necesidades modernas e facer diñeiro xa nos países de alenmar, xa sen sair do torrón nativo.

No tipo físico de istas xentes agudas e arriscadas, nótase, xuzgando a custión c'un criterio impresionista, que abundan mais entre ela, do que adoitan abondar n-outras partes de Galiza, as pigmentazóns morenas, espezalmente nas parroquias limítrofes ou cercanas ó Ribeiro da Avia, sendo frecuentes sobre todo nas mulleres un subido coor roxo nas meixelas.

O carácter dos carballineses e alegre e franco. Son simpáticos, xenerosos, gostan de agasallar o forasteiro e teñen grande apego á fala vernácula.

Número I


CASTRO DE SAN FACUNDO

EMPRAZAMENTO. — Na provincia de Ourense, concello de Cea e freguesia de San Facundo.

Situase n-un monte ispidio de arboredo e de cume moi penedoso que se asenta por riba mesmo do lugar de San Facundo e da estrada de Ribadavia a Cea que atravesa

iste lugar. Dexérganse dende il os piñeirales, veigas e searas dos concellos de Cea, Piñor, Carballiño e Vilamarín e pechan o hourizonte pol-o norte e norleste as serras da Martiñá e da Madanela.

DEFENSAS. — Consisten n-un terraplén, de outura variable, entre os 16 e os 30 metros, xa ben esmorecido pol-a erosión n-al-



50
Escala 100 metros

gúns sitios, e n-un aplainamento anelar que arrodea as penedas do cume. Pol-o norte, e denantes do dito aplainamento, cuia anchura oscila entre os 24 e os 46 metros, observase, outro de 2 metros de ancho separado do primeiro por un terraplén de 5. Na banda do sul hai un abultamento do terreo que parez corresponder a un antigo parapeto.

MENSURAS.—Mede nos dous eixes principais.

Do norte ó sul 130 metros
Do leste ó oeste 102 metros

OBSERVAZÓNS.—Na área do castro non se ollan pedras labradas nin ningún outro resto de edificazón, mais ó pe de il, pol-a banda do sul, alcontráronse, asegún nos dixeron, tellas romanas, pedras con siñas da ter estado o lume, cavidades ó xeito de fornos, tranqueiros de portas, laxas labradas moi grosas, anacos de columnas e un acobillo de moedas antigas. No mesmo lugar atopouse unha lápida que contiña soio o nome indíxena MEIDVENA e que foi rexistrada co número 11 dos epígrafes inéditos, na *Epigrafía Latina de la provincia de Orense*, de Arturo Vázquez Núñez.

Conven agora advertir que en San Facundo ou nas suas imediações foi localizada a cibdade de Arsacia, situada por Muñoz de la Cueva nas suas *Memorias Históricas de la Iglesia de Orense* «cuando hacia Compostela se camina por los llanos de Amoeiro y de Castela», «distante tres leguas de Orense y una del Real Monasterio de Osera» e a vista e moi perto da vila de Cea, circunstancias todas que coinciden esactamente co devandito lugar de San Facundo que asegún o propio Muñoz de la Cueva, foi tamén o sitio onde aquil Santo e o seu compañeiro San Primitivo, recibiron o martirio i-estiveron sepultados deica a sua traslazón a catedral de Ourense como craramente se manifesta no seguinte párrafo:

«En esta vecindad duran hoy los vestigios del castro de San Facundo y una fuente adonde acuden, y hallan la salud los dolientes y enfermos; porque habiendo servido de refrigerio a los santos al tiempo de su Martirio, la ennoblecieron con la milagrosa virtud de sanar a las dolientes, que corren a sus aguas con viva y sincera Fé».

Perto asimesmo de San Facundo temos que pór o lugar do achádego de duas lápidas, de existencia dubidosa, dos que se ocuparon Gándara na sua *Galicia*; Cortés, no *Diccionario geográfico de la España Antigua*; Cean, no *Seminario de Antigüedades*;

Barros Sibelo, nas *Antigüedades de Galicia* e que Hübner co número 218 coloca no C. I. L. entre as falsas.

Deciase que istas lápidas foran alcontradas no ano de 1707, perto do castro de Cobas, de cuio emprazamento e identificazón ocuparémonos logo, e n-un eido de Manuel Maneiro, tendo sido eisaminadas pol-o monxe de Oseiro Frai Anxel Zurita que as copiou e trasladou pra a crónica do seu mosteiro do xeito seguinte:

1

CLAVDIAE MARCELINAE
F. DIVI CLADII AVG
PRO SALVTE NER
CIVITAS MAIOR
ARCENSI VLT GALLAECIAE

2

D. OM. F. M. C. I
CIVI TS ET MVNICIPIVM

Non prentedemos defender a existencia de istes epígrafes, anque coidamos moi posíbel que algunha outra lápida poidera ter aparecido perto da que denantes citada e perto tamén dos restos romanos, a que atrás nos referimos e de cuio achádego non dubidamos, por telos ollado unha persoa que nos merez absoluto creto.

Nos termos da freguesía, onde se ergue o castro que nos ocupa sinalou Vázquez Núñez o emprazamento de tres mámoas.

FOLKLORE.—«No castro houbo en tempos unha mina onde se acochaban os mouros e unha fonte na que as mouras bañábanse todas ispidas».

«Da mina saían por veces os mouros a botarlle grao trigo ós porcos que ían por alí a pacer».

**

«Hai anos apareceu na croa do castro unha pía chea de carbóns, que eran ouro encantado, mais cando o que os atopou volveu ó sitio os carbóns desapareceran e soio vfu a pía, que se conserva oxe n-unha casa do lugar».

**

«Na parte sul do castro, e mesmo o seu pé hai un sitio que lle chaman *A Matanza* porque n-il tiveron grande guerra cos mouros San Facundo e San Primitivo».

**

«O castro está atravesado por unha trabe de ouro e outra de alquitrán».

(Informounos un veciño de San Facundo, cuxo nome non poidemos acadar).

É posíbel que o campo de *A Matanza*, teña algunha relación coa batalla que Alfonso o Casto tivo cos árabes perto do Castro Anceo. Ista batalla ven consinada nas crónicas de Lucas de Tuy e do arzobispo D. Rodrigo, localizando Muñoz de la Cueva, o Castro Anceo no mesmo lugar que ocupa oxe a vila de Cea.

BIBLIOGRAFÍA.—Citase o castro de San Facundo nas *Memorias Históricas de la Catedral de Orense*, de Muñoz de la Cueva, páxina 193 e nos traballos de Vázquez Núñez; *Las Mámoas*, B. C. de Monumentos, de Ourense, vol., I, núm. 20, Xunio 1901 páx., 351 e na *Epigrafiía Latina de la provincia de Orense*, publicada na mesma revista, volume, III, 1906, número 49.

É posíbel que algunha referencia se conteña no pleito da Catedral de Ourense co Mosteiro de Sahagún.

(Catalogado por Vicente Risco, Antonio Amoeiro, Leuter González e Florentino López Cuevillas).

Número II



CASTRO DO MONTE DE OLLOS OU DE CORNEDA

EMPRAZAMENTO.—No cume de unha montana outa, pina e penedenta, situada no mesmo linde das fregresías de Corneda e Cidá, as dúas do concello do Irixo, provincia de Ourense.

Queda iste castro a un kilómetro escaso do lugar de Vilameá (Corneda), e a 1.500 metros da estrada do Carballiño ó Irixo. Ollanse dende il os castros de Cidá e Soute-

liño e pol-o oeste e noroeste pechan o hourizonte as serras da Madanela e do Foxo do Cabrito.

DEFENSAS.—Consisten n-unha soia muralla de pedra, por comprobante descuberto, ancha de tres metros, i-esborrallada cara o interior e cara o exterior, formando oxe un terrapén que mide pol-a banda de fora 7 metros e pol-a de dentro 5-20 metros. Coida-



mos, aunque non-o poidemos comprobar con certitude, que ista muralla debía erguerse primitivamente, recta dende o chán e sin ter por baixo ningunha clás de aterro.

MENSURAS.—Mede nos dous eixes principais.

Do norte ó sul. 75 metros

Do leste ó oeste. 90 metros

OBSERVAZÓNS.—Anque non ollamos no interior do castro nin alicerces, nin muradelas afiorantes, é tal a cantidade de cachotes que alí se alcontran, que cremos moi probabele a existencia de habitazóns de pedra.

Non se dexergan por ningures vestixios de antigas portas. Pol-o oeste e o sueste hai dous portelos, practicados pra dar paso ós carros e que evidentemente abantan por riba da muralla sin apenas encetala.

FOLKLORE.—«Chámanlle a iste castro a *Eira dos mouros* porque n-il tiñan unha feira, durante os 200 anos que demoraron na nosa terra».

Inquerimos do noso informador en que tempo estiveran os mouros en Galiza e sin duvidar un instante respondeu.

—«Denantes de que viñeran os romanos e denantes tamén de viren os cartaxineses».

(Informounos, Santiago Bernardez Otero, de 50 anos, veciño do lugar de Guncieiro, fregresía de Corneda).

BIBLIOGRAFÍA.—Inédito.

(Catalogado por Sebastián González e Florentino López Cuevillas).

Número III

A CIDADÁ OU CASTRO DE ORROS

EMPRAZAMENTO.—Sitúase iste castro no cume de un monte pertencente á fregresía de Cidadá, concello do Irixo e provincia de Ourense, que se ergue en col de estas searas e a cousa de 1 kilómetro de Ponte Irixo no comenzo da costa que rube pra o Foxo do Cabrito. Os castros de Monte de Ollos e de Souteliño fan grupo co que nos ocupa.

DEFENSAS.—Un terrapén outo de 15 a 11 metros, coroado por un parapeto que se conserva ben nas bandas do sul e do norte e que se alcontra case por comploto derrubado no restante da volta, constituen a principal obra defensiva. No oeste ollase unha prolongazón ó xeito de antecastro, longa de 85 metros e fornecida do seu correspondente terraplén de 8 metros de outo. O parapeto presenta no sul dous abultamentos considerables, que chegan a atinguir 8 metros de elevazón e que deixan no meio unha soluzón de continuidade, que debe interpretarse como unha porta.

MENSURAS.—Meden os dous eixes principais de iste castro:

Do norte ó sul 191 metros

Do leste ó oeste 67 metros

OBSERVAZÓNS.—A porta a que denantes nos referimos parece ser que estaba defendida por dúas torres de pedra, pois mediante unha pequena zanja esproratoria poidemos comprobar que os abultamentos dos parapetos que flanquean a soluzón de



Escala 0 10 20 metros

continuidade, están formados case totalmente por cachote solto.

Cachote con notabele abondosidade apareceu tamén ó practicar a apertura de outra zanja esproratoria no sueste da área cercada.

FOLKLORE.—Non poidemos acadar ningún.

BIBLIOGRAFÍA.—Inédito.

(Catalogado por Luis Pericot, Bernardo Castro, Xoaquín Lousada, Xosé R. Oxea e Florentino López Cuevillas).

(Continuará).

Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza

FOLKLORE VARIO

ORACIÓN PRA DEITARSE

Con Dios me deito
con Dios me levanto
coa Virxen María
e co Espírito Santo,

Dios me cubra co seu manto
co seu manto de color
por ser de tanta virtú
o seu manto me dá valor.

N-esta camiña me deitei
sete anxeliños encontrei
tres ós pés, catro á cabeceira
e a Virxen na dianteira

Tocan a misa
Cristo la dice
a Virxen lle adora
mi alma s'acosta
agora a tal hora.

Señor mío Jesucristo
señor de mi corazón (sic)
perdoname mis pecados
que bien sabeis los que son
si me muero esta noche
que me sirva de confesión. Amén.

Decindo estas oracións total-as noites, an-
que un morra sen confesión, perdoa Deus
todol-os pecados e vai un ao ceo.

ORACIÓN POL-OS DEFUNTIÑOS.

Cando un pasa pol-o adro da eirexa, di:

Aquí veño anxeliños de Dios
que vós fostes coma nós
rogade a Dios por nós
qu'eu rogarei a Dios por vós. Amén

CÁNTIGAS

1. Eu teño tres estrigas

teño que restrelar
Mira Pepa
teño que restrelar

O restrelo está romo
heino d'ir apuntar
Mira Pepa
heino d'ir apuntar

O ferreiro vai fora
e a muller tamén
Mira Pepa
e a muller tamén

Fixeron unha nena
e non lle salíu ben
Mira Pepa
e non lle salíu ben

Safulle manca e cega
trenca dos pés tamén
Mira Pepa
trenca dos pés tamén

Perdín o meu xustillo
perdín o cordón d'el
Mira Pepa
perdín o cordón d'el

Meu marido dame outro
qu'eu darei conta d'el
Mira Pepa
qu'eu darei conta d'el

2. Acolá enriba
n-aquel outeiro
había un niño
de lagarteiro

Funo ver
e non tiña nada
malia o pai
qu'a filla no me daba

Heilla vestir
e heilla calzar
e heilla deitar
comigo na cama

3. Rapaces e vellos
mulleres e mozos
vide vel-o dote
que me deu meu sogro
unha cabra cega
c'un cabrito coxo
unha manta vella
c'un remendo roxo
- Tres ovellas vellas
qu'habedes pasmar
unha cega, outra coxa
outra xa non pode andar

4. As nenas da Costa
penelas penelas
van ás romarías
sin lavar as pernas

As nenas da Costa
cando van co leite
botan mitá auga
pra que lle aumente

As nenas da Costa
non é unha que son todas
poñen tres pares de medias
pra facel-as pernas gordas

Observacións. — Estas oracións e cántigas están no noso arquivo sen indicación de procedenza, por non ter o comunicante rubrado nin datado o papel en qu'as escribenu.

A forma poética da cántiga 1 fora por certo imitada n'unha das súas poesías por Eugenio Montes, o qual proba que il coñecía d'antes e que se repite.

Da número 3 temos unha variante que coidamos compreta, ouvida por nós sendo neno a un familiar noso natural do Castro de Caldelas, qu'a cantaba c'unha museda d'arrollo ou cántiga de berce. É a seguinte:

Homes e mulleres
miniños e mozos
vinde vel-o dote
y-o touporroutou
que me deu meu sogro

Unha manta vella,
un pote furado,
unha silla rota
y-o touporroutou
unha culler sin rabo

Touporroutou
Morreu o tan vello

Touporroutou
deixalo morre-ee-er
que outro tan velliño
y-o kikiriki
non volve a nacer
y-o cacaracá

María Manuela
vai e ven correndo,
traí us catro ou quinzovos
pra lle dar ao neno.

A número 4 é unha caraterística cantiga de *mal dizer* ou d'*escarnio*, que pol-a súa referencia a un lugar determinado, entra na categoría das que temos publicado en NÓS con outros ditos e refrás da mesma caste. V. R.

BIBLIOGRAFÍA RECENTE DE FI- LOLOGÍA, ETNOGRAFÍA E FOLKLORE

— En col do *culto da serpe*, en Galiza, é preciso coñecer o traballo de Cuevillas e Bouza Brey tidoado: *Os Oestrímnios, os Saefes e a Ofiolatría en Galiza*, publicado nos *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, vol. II, páxs. 119 a 165. Santiago 1929. N-il trátase de *A serpe nas relixións antigas e nas relixións dos pobos primitivos; O culto da serpe nas Galias; A iconografía protohistórica da serpe no NO peninsuar; As lendas castrexas; A serpe do Pico Sagro; Lendas, contos; consellas e cantigas relativas á serpe; As almiñas-serpes; O ovo druídico en Galiza; A meiciña popular da serpe.*

— Jaime Lopes Dias, *Etnografía da Beira*, vol III, 176 pags, Vilanova de Famalição, 1929. Ocupase asegun o subtítulo de Lendas, costumes, tradicións, creencias e supersticións.

— Pedro Chaves, *Rifoneiro Português*, 1

vol. de 282 pags. Porto, 1928. Recolle 7.380 refrás, 50 do tempo, 411 dos meses e 6.919 por orde alfabética.

—Mario Cardoso, *Citânia (Um problema de etimologia)* Separata do fascículo 1-2 do vol. XXXVIII da Revista de Guimarães, 15 pags, Guimarães, 1928. Aventura con Leite de Vasconcelos a derivación de *civitas* pol-o intermeio *civitatania*, exemplo: *Cidadonha* ou *Cigadonha* en Tras-os-Montes.

—Ismael del Pan y Fernández, *Notas para el estudio de la Prehistoria, Etnología y Folklore de Toledo y su provincia*, 56 páginas, 17 figs. Toledo, 1928.

—Luis de Pina, *Bruzas e Medicina*, traballo publicado nos *Trabalhos da Sociedade Portuguesa de Antropología e Etnología*, vol. IV, fasc. II, Porto, 1929.

—Santos Junior, *Afinidades galaico-portuguesas de folclore*, nota publicada no mesmo fascículo e en separata (véxase sección de libros d'iste número).

—José de Pinho, *A Ara de Marecos* (Sep. de *Penha-Fidelis*), Penafiel, 1928. Nas dúas primeiras páginas, notizas de costumes re-

lazadas co culto do lume en Portugal e Galiza.

—Luís Chaves, *A sinfonía das coores ou o arco-íris da gama popular*, na *Nação Portuguesa*, Serie V, tomo I, fascículo 11.

—Saiu o primeiro número de *A língua portuguesa*, cuo sumario é o seguinte: *A língua portuguesa*, Redacção.—*Observações filológicas*, J. Leite de Vasconcelos.—*Reacção literaria na lingua*, J. J. Nunes.—*O texto das Cantigas d'Amigo*, Rodrigues Lapa.—*Ninharias Filológicas. Haplogía vocabular. Haplogía sintáctica. Idolatria*, Xavier Fernandes.—*O Dicionário da Academia*, R. de Sá Nogueira.—*Notas e Comentários*.

—*Adágios brasileiros*, por Afranio Peixoto (unha nota en resposta a observazós de D.^a Ana de Castro Osorio).—*Arquivo etnográfico. Elmo* (crostas na cabeza dos nenos recién nados) e sobr'os piollos, por Claudio Basto, na *Portucale*, Março-Abril 1929.

—Affonso de E. Taunay, *Insuficiencia e deficiencia dos grandes diccionarios portugueses*, Tours, 1928.

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

NOVAS DE PREHISTORIA

LA NOVELA DE ESPAÑA

TAL é o título de un novo libro de D. Manuel Gómez Moreno, que apareceu, hai xa algúns meses, limpamente editado na Imprenta de Antonio Marzo, de Madrid.

Trátase quizais de un relato lovelesco, coma o título fai matinar? Non, porque en todo vai axustado ás mais recentes investigacións. Trátase de unha obra histórica de tipo corrente? Tampouco, porque o xeito de exposición é por completo novo.

Hai homes que como Klingsor, teñen a virtude de trocar as penedas en xardíns. Coidamos que foi Bergson un dos primeiros que practicou ca Filosofía, iste xénero especial de taumaturxia. Gómez Moreno fai agora o mesmo miragre ca prehistoria e con parte da historia de Hespaña. Dende os tempos dos preadamides deic'a morte de Almanzor, os sucesos, ben enfiados n'unha estricta cronoloxía, vanse desenvolvendo en peque-

nos coadros representativos, que levan en forma de apéndice a súa xustificación científica e unha lista bibliográfica. E cada un dos coadros é unha deliciosa novela, ou millor aínda un encantador esbozo de novela. Meio homes dos primeiros tempos do paleolítico; artistas intuitivos do madalenense; xentes criadoras de culturas desaparecidas hai milleiros de anos; hordas invasoras de nomes escuros; procónsules brutales; sabidos construtores de acueductos; varóns apostólicos; bárbaros loiros; árabes con recendos das *Mil Noites e unha Noite*, viven a súa vida nas páxinas de *La Novela de España*, e vívena belamente, presos n'unha prosa rica, dramática moitas veces e de cote axil, precisa e limpa.

De subido valor científico, de subidísimo valor literario, o libro de Gómez Moreno, foi pra nós unha sorpresa agradábele e un manantial de gozos puros. Pol-a súa documentazón, pol-a súa orixinalidade e pol-o seu intrínsecamente captivante, témolo e reputámolo coma

unha das milliores obras, publicadas na España n-estes anos derradeiros, Hergoris, Si-seia, Velaunis e Flora e María son figuras ben merecentes de unha eterna lembranza.

E Gómez Moreno non nega en *La Novela de España* a terra onde se pousou o seu berce. Andaluz de Granada, o seu espírito olla sin cesar pra os países do meiodía, os que están adicadas as milliores páxinas e aínda as mais numerosas. E pra nós isto, é un novo motivo de gabanza.

HISTORIA DE PORTUGAL

O Profesor Mendes Corrêa, da Universidade de Porto, antropólogo e prehistoriador de sona europea, amosra a toda hora unha actividade intelectual case inconcebible. Novo aínda, crémolos que non chegou ós corenta anos, leva publicados xa mais de cincuenta libros, folletos e artigos, que aparecen catalogados na *Bibliografía do Professor Mendes Corrêa*, que ven de redactar, noso fraterno amigo o Dr. Ruy de Serpa Pinto.

A derradeira proba da admirabile capacidade pra o traballo do ilustre profesor de Porto, constitúen os fascículos 2.º, 3.º e 4.º da soberba *Historia de Portugal*, que anda a redactar un grupo de especialistas lusitanos, e con luxo, minucioso coidado e bon gusto edita a *Portugalense Editora*, de Barcelos.

Encargado o Profesor Mendes Corrêa da parte correspondente a *Lusitania Pre-Romana*, fai gala no desenvolvemento de tema tan complicado, de unha erudición, de un coñecemento do material pre e protohistórico, de un método de disposición e de un estilo claro e ameno verdadeiramente notables.

Os puntos de vista e o enfoque dos problemas son, pouco mais menos, os mesmos que o autor esperou nos *Povos primitivos da Lusitania* e dos que nos ocupamos xa en estas páxinas, alcontrando así e todo agora, unha maior densidade nos materiais manexados, unha maior coidada e completa parte gráfica e unha información interesantísima acerca dos signos alfabéticos de Alvão, das súas relacións con outros signos semellantes e co alfabeto ibérico, cuestións todas elas ás que o Profesor Mendes Corrêa ven adicando unha atención preferente.

ALGÚNS ARTIGOS INTRESANTES DA REVISTA DE GUIMARAES

No derradeiro número de esta revista, organo da benemérita Sociedade Martins Sarmento, alcontramos algunhas cousas ben dinas de parar a atención dos prehistoriadores.

O Dr. Ruy de Serpa Pinto, publica *Museu de Martins Sarmento* con localización do achádegos de moitos machados de pedra e bronce, recollidos n-aquél Museo.

A utilidade da labor emprendida pol-o noso amigo e colaborador e grandísima, tendo en conta sobre todo, que as mais das pezas catalogadas, aparecían nas vitrinas c-un rotulado defectuoso. Sabemos que o Dr. Serpa Pinto ten en preparo uns mapas prehistóricos de Portugal, nos que os acobillos e achádegos soltos de machados, ollaránse situados exactamente.

A *Penha eneolítica* é un traballo no que o distinto arqueólogo José Luís de Pina, apresenta algúns testos da cerámica con decoración riscada do monte da Penha (Guimaraes).

Téñen estas decoracións cerámicas, unha semellanza impresionante cas propias do vaso campaniforme e identidade absoluta cos testos que nós recollimos n-unha mámoa dolménica do monte do Viso (Lobeira). A forma de certos anacos, c-un estrangulamento perto da boca, parez indicar tamén un parentesco ca devandita especie campaniforme, mais por outra parte no xacemento da cerámica atopáronse un machado de pedra, bolas de ocre e unha lanza dos derradeiros do Bronce. Estaremos en presenza de unha estazón eneolítica na que se sobrepuxeron cousas posteriores ou trataráse, por contra da sobrevivencia de decoracións do tipo caliciforme conservadas quizais deica a Edade do Ferro? Sería de desexar que unha esporazón metódica no monte da Penha aclarase este problema, xa que en realidade hai argumentos en que apoiar as dúas hipóteses enunzadas.

Mario Cardo o ocúpase de *A Pedra Formosa*, atopando n-ela vestixios de influxos romanos. Debemos agardar o remate de esta importante contribución ó estudo da arte castrexa, anque dende logo adiantemos, que pol-as semellanzas que se observan entre a decorativa da Pedra Formosa e a de outras pedras e casas de citanías, algunha como Sabroso sen vestixios de romanización, disetimos do parecer do noso sabio cofrade e coidamos que aquela pedra e enxebre e sinxelamente indíxena.

Moito menos doada é o datar a xigantesca escultura conecida pol-«O Homem de pedra» e da que falou xa estensamente Martins Sarmento nos seus manuscritos inéditos.

Trátase de unha estatua colosal itálica e de factura moi ruda que se achou na freguesía de Pedralva e que na actualidade pertence á Sociedade Martins Sarmento. A figura óllase sentada c-unha perna estirada e outra encollida e ten o brazo esquerdo erguido e o dereito apegado ó corpo. Do seu grandor dá idea a cabeza que mede 1'40 metros.

M. C. n-un documentado artigo tidoado *O Colosso de Pedralva*, conta a historia do achádego de ista escepcional escultura e as vicisitudes porque pasou deica chegar a ser propiedade da benemérita asociacion vima-ranense.

Trataráse de algo relazoado cas estatuas de guerreiros galego-minhotas? Tipoloxicamente o Colosso de Pedralva non se lles imita mais que na torpeza da execuzón, mais coidamos que a nosa cultura castrexa pode darnos aínda algúns feitos sorprendentes.

UN NOVO CRÁNEO DE NÉANDERTHAL APARECIDO NA ESPAÑA

Miss Garrod a conecida prehistorista inglesa esprorou en Xibraltar unha cova chamada Devil's Tower (a torre do Demo) na que alcontrou niveles musterienses con seixos de lascado típico e osos utilizados semellantes os da Quina.

N-unha camada de travertino xacian anacos de un cráneo e da mandíbula de un neno de cinco anos aprosimadamente que presentaban na cara e nas mandíbulas as características da raza de Néanderthal e nos osos do cráneo un estilo moito mais moderno.

O estudo da fauna de ista estazón leva a crer que no musteriense o estreito de Xibraltar estaba xa aberto e que non había conexión entre as beiras europea e africana.

Os resultados de istas esprorazóns aparecen publicados no «Journal of the Royal Anthrop. Institute», baixo o tido *Excavation of a Mousterian rock-shelter at Devil's Tower, Gibraltar*, estando a cárrego de miss Garrod a parte estratigráfica e arqueolóxica; a descripcón dos restos humanos, a de L. H. Dudley Buxton; a do modelado endocraniano a de Elliot Smith e o relativo a fauna a de miss Bate.

ISTRUMENTOS DE MADEIRA DO PALEOLÍTICO ANTIGO

Nos «Cahiers d'Archeologie et d'Histoire d'Alsace» aparece un traballo de R. Forrer, *Rhinoceros de Merck et outillage de bois découverts dans un abri du Paléolithique ancien à Spichern près Forbach*. O xacimento e unha especie de puzo natural cheo de lama. A idade interglaciaria de iste xacimento queda atestiguada pol-a presenza do rinoceronte de Merck e a presenza do home por unha grande cantidade de carbóns.

O utilaxe de madeira, entre o que non se alcontrou ningunha peza lítica, consiste en polas fendidas, que quizais serviron pra teito de unha cabana, ou quizais utilizadas posibelmente pra separar a pelica do carne dos

rinocerontes e pra desatuar raíces e aínda n-outra pola fendida e queimada n-un dos cabos.

AS DESCOBERTAS DE UR

DEBEN estar xa camiño de Bagdad, despois de unha eisposición de varios meses no British Museum, os maravillosos obxectos asocellados nas tumbas reais de Ur, e cuia antiguidade debe andar entre o 3.500 e o 3.100 a. d. Xesucristo.

Sobre istos obxectos, que en riqueza i-en intrínseco arqueolóxico sobre todo, superan os tan nomeados da tumba de Tuntakhamón, deu unha conferencia o ilustre profesor Morret na «Residencia de Estudiantes» de Madrid e publicáronse excelentes artigos en moitos xornais estranxeiros.

Comprenos destacar así e todo tres aspectos, importantes de istos achádegos.

1.—A indudabele relación de Caldea co Exipto, xa case incuestionábele, e que agora ven afirmarse ca aparición na sepultura de «Mes Kalam Dug» de pratos, frascos, e xerriños pra afeites idénticos os atopados nas necrópoles dos faraóns tinitas.

2.—O achádego de inscripcóns en soberbos cuneiformes que estraga a teoría da evolución da escritura, pol-o menos no que se refire ós pobos antigos do Irak.

3.—O misteiro de unha cultura tan completa e tan lonxana que xurde coma algo xa ben desenvolto e cuos orixens inoranse completamente.

AS DESCOBERTAS DO PROFESOR PERICOT

Noso bon amigo o profesor Pericot, cuia ausencia de Galiza nunca lamentaremos de abondo, practicou o vran derradeiro froitosas escavazóns en terras do antigo reino de Valencia.

Os resultados de istos traballos publicáranse aíxíña, figurando entre o material recollido n-unha lámina de chumbo, procedente do poboado de La Bastida, que contén o texto iberio mais longo, dos conecidos ata de agora.

NOVAS INSCULTURAS TRAS-MONTANAS

No derradeiro número da «Revue Archeologique» que acaba de chegar ás nosas mans, ven unha monografía do profesor Mendes Corrêa, en col dos petroglifos do val de Avelames e do santuario do Outeiro Machado, tidoada, *Art rupestre en Tras-os-Montes (Portugal)*.

Ocupáremonos n-outro número de esta revista, co debido vagar, de tan importantes descubertas, adiantando agora tan soio que as insculpturas do Outeiro Machado teñen a súa maior semellanza cos da Torre de Hércules, Eira dos Mouros e Cachão da Rapa, e a aparición de sinos escaleriformes e sobre todo de crarisimos machados mangados, que veñen establecer un novo vencello entre o noroeste peninsular e as terras da Armórica.

NOVAS PEDRAS CON SINOS ALFABETIFORMES

No Borbonesado, e fora xa da estazón de Glozel, fixéronse novas descubertas de pedras con sinos alfabéticos. Os traballos foron dirixidos ou presentados por MM Loth e Deperet.

Concrúe M. Loth, n-unha memoria lida na «A. des Inscriptions» de París, afirmando a comunidade da escritura linear de Oriente ca de Occidente e a súa existencia xa no paleolítico.

F. L. C.

LIBROS

CONFERÊNCIAS, por HERNANI CIDADE, Companhia portuguesa editora lda. Porto.

O noso ben querido amigo e colaborador Dr. Hernani Cidade, ilustre profesor da Faculdade de Letras do Porto, publica agora tres fermosas conferencias de interpretación e divulgación literaria feitas co-a súa sabia e sinxela arte de mestre e d'escriptor. O labor divulgatorio do noso compañeiro, dentro e fora da súa función docente oficial, é outamente meritorio e honroso. O Doutor Hernani Cidade é un abelencioso e amenísimo conferenciante; aínda apreciado na simple lectura, vése aíxíña o seu modo natural de pórse perto do público que o escoita pra lle suxerir as ideas fundamentas non sempre doadas de comprender, o gosto pola arte, e pra lle servir d'excelente guía na interpretación e no gozo das grandes obras literarias. Arte a un tempo de profesor e de literato.

As tres conferencias que nos ocupan, versan a primeira encol de *Camões*, e foi dita na Esposición do Libro Portugués en Madrid, en 1928; e na Asociación dos Estudantes de Letras de Coimbra, en 1929; a segunda, en col de Garret e a *moidade académica de 1820*, e foi realizada na Asociación cristiáa dos Estudantes de Coimbra, en 1925; a ter-

ceira, en col de *Gomes de Amorim, a súa vida e a súa obra*, deuna en 1927 na Povoia de Varzim, cando o centenario do nacemento do poeta.

Camões pr'a o autor unha outisema figura representativa do Renacemento, que xulga mais que com'unha renacementa clásica como «libertação do espírito humano» que s'arreda dos soños da Edade Meia pra precurar eiqüi na terra unha mais perfeita realización do tipo home, tendendo a un meirande dominio do planeta. Iste esforzo de conquiritamento da terra e expansión da civilización europea é o que se canta nos *Lusiadas*, que contrapón d'iste xeito á *Divina Comedia*. Estuda as influencias de Petrarca, Boscán e Garcilasso na lírica camoesana e a calidade intimamente portuguesa d'esta, sendo dina de nota a fonda coñecencia qu'amostra dos recursos líricos do gran poeta, que analiza en eixemplos, no seu ritmo, nas suas imaxes, na súa prosodia, nas manifestacións mais finas e menos doadas de coller.

En Garret xustifica Hernani Cidade o pulo e o esforzo dos revolucionarios liberás do ano 1820, e aínda recoñecendo as suas inxenidades e o fora de punto de moitas das suas exaltacións, non somentes as esprica pol-a situación de Portugal n-aquél tempo, senón que redime a súa obra da acusación que hoxe lle fan de ter sido denacionalizadora, pra desmentir o qual abonda a obra literaria de Garret e de Herculano.

Pol-o derradeiro, evoca atinadamente a vida axitada e a obra chea de sinceridade de Gomes de Amorim, exemplificando n-ela a contradición antre o individualismo e a tendencia a ampliar a solidariedade social, notas da nosa civilización.

O SONETO NEOLATINO, Revista Internacional, Portugal.

Por mais que esta sexa unha revista, pol-a súa índole especial, únicamente adicada á publicación de sonetos, pómola antr'os libros.

Ningún millor qu'os portugueses poidera meterse n-esta empresa, posto qu'esto do soneto, se foi invención italián, en Portugal coallou com'en ningures, e onde moitos sonetos se xuntan, con seguranza han sobersair os portugueses: díganos Camões e Antero, sen ir mais lonxe.

Despois de *Duas palabras* limiares, traíste fascículo os sonetos seguintes: *Arachne* d'Alberto d'Oliveira, *Sexo fraco* de Filinto de Almeida, *Brasil* de Martins Fontes, *O Pharol* de Carlos Magalhães de Azevedo, *A la maison des aïeules* de Victor Orban, *Soneto al Soneto* de Enrique Díez-Canedo,

El lecho cotidiano de Fernando González, *Sorrisos d'elas* d'Antonio Noriega Varela, *Betula Fidelis* de Ramón Otero Pedrayo, *La Primavera del Botticelli* de Massimino Coronaro, *Au bord du Tage* de Phileas Lebesgue, *L'Idée* d'Albert Willemet, *Contre l'oubli* de Hélène Vacaresco, *Remorso*, de Henrique Lopes de Mendonça, *Nunca mais* de Virginia Victorino, *Ao Mondego* d'Eugenio de Castro, *Ondas revoltas* de Branca de Gonta Colaço, *Sobrevida* de Luiz de Magalhães, *Anciedade* de Martha de Mesquita da camara, *Portugal novo* d'Alberto d'Oliveira, *A lança* de Manoel de Silva Gaio, *Vozes extintas* de João Saraiva, *Macieira em flor* de Fausto Guedes Teixeira, *Regresso* de don João de Castro, *O silêncio da noite* de Mario Beirão e *Vieille cloche* de Celestino Soares.

Como se vê, n-esta recolleita na que se xuntan cinco línguas (portugués, hespañol, galego, italián, francés) e oito literaturas (Brasil, España, Galiza, Bélxica, Francia, Roménia, Italia, Portugal) aparece honorosamente representadas a nosa fala e as nosas letras.

ARQUIVOS DO SEMINARIO D'ESTUDOS GALEGOS, II, Sant'Iago de Compostela, MCMXXIX. — 300 páxinas — 100 fotografados — 3 pesetas NÓS.

PUBLICOUSE o segundo volume dos *Arquivos do Seminario d'Estudos Galegos*, aínda mais cumprido e forte qu'o primeiro, outo expoñente do rexo labor d'aquela entidade. Contén oito traballos do mais grande intrín:

Sobre la presencia de la pirrotina en Galicia. — *Análisis de la pirrotina de la Mañoca (Santiago).* e *Estudio químico de la nontronita de Chenlo (Pontevedra).* — *Mineral nuevo para España*, por Isidro Parga Pondal. Trátase de dous estudos completos en col de dous minerais, o primeiro, a pirita magnética sen citar aínda d'un xeito preciso en Galiza, e o segundo, un silicato félico hidratado, atopado por primeira vez en España pol-o Prof. Sobrino, de Pontevedra qu'o mandou pr'a coleición do Seminario d'Estudos Galegos, onde foi miudamente analizado pol-o autor do traballo, a quen se debe a identificación.

El mecanismo de acción de la dihidroxiacetona en el organismo humano, por J. García Blanco e Isidro Parga Pondal. Ensame dos resultados das esperencias feitas en tres individuos sans, dos efectos da dihidroxiacetona primeiro sen inxectar e despois inxectando antes atropina pra previr a secreción d'insulina por reflexo nervoso. No primeiro caso ousérvase a acción hipoglicémica, e no segundo non.

Os Oestrinios, os saefes e a ofiolatría en Galiza, por Florentino L. Cuevillas e Fermín Bouza Brey. Os autores emprenden valéndose de datos arqueolóxicos, folk-lóricos e textos, a determinación das poboacións protohistóricas de Galiza e a identificación dos pobos que n-ela pón Rufo Festo Avieno na tan discutida *Ora Marítima*, a saber: os *Oestrinios* e os *Saefes* que supoñen corresponderen respectivamente aos habitantes precéltigos e aos primeiros invasores celtas da nosa Terra. Comenzan o estudo dos *Oestrinios* co *asturiense*, achando esta industria espallada por todas as terras occidentais da Europa, especialmente en Portugal, Galiza, Bretaña e Irlanda, primeiro indizo de parentesco etnolóxico entre estas terras e os seus habitantes. Despois estudan a *cultura dolménica* neolítica e eneolítica e a do *bronce*, con inventario cumprido de todo o material atopado en Galiza e Norte de Portugal e comparacións co de Bretaña e Irlanda e co d'outras terras da Península e alén, inventariándose e estudiándose tamén as insculturas e gravuras rupestres. No referente aos *Saefes*, despois d'estudal as sobrevivencias da Edade do Bronce, estúdanse os Celtas galegos nas fontes clásicas, os nomes céltigos xeográficos e de persoas, c'unha lista de todas as divindades indíxenas, a cultura N dos Castros, con relación de material (espadas, fibulas, torques etc). E por fin estúdase a tradición popular referente á serpe, coma posíbele supervivenza dos cultos practicados pol-os *Saefes*, que d'ela tiraban seu nome. As conclusións xerás son as seguintes: As coincidencias culturais entre Galiza e o Miño portugués por unha banda e Bretaña e Irlanda e W da Gran Bretaña pol-a outra, que s'acusen máis fortemente nos primeiros tempos do Bronce supón a existencia de relacións marítimas e posíblemente un parentesco racial. Nos tempos do Ferro hai na área galaico-portuguesa (do N), unha cultura persoal e fortemente caracterizada que deriva de elementos hallstáticos traídos pol-os Celtas que deberon vir nos fis dos Hallstatt II, ou sexa cara a metade do século VI a J. C. o qual xustifica a localización dos *Saefes* d'Avieno na Galiza e no Miño. As lendas de serpes relacionadas cos Castros e estesas por Galiza e Miño, sendo probábele supervivenza, arriostan esta localización.

Notable grupo de círculos líticos y túmulos dolménicos de la cuenca superior del Eume, por Federico Maciñeira. Estudia o autor sete moimentos prehistóricos agrupados na Mourela (Pontes de García Rodríguez, perto do camiño vello que vai pra Betanzos e Guitiriz, monte arriba, n-unha das outuras que bordean o val. Son: núm. 1 un

montón de pedras de 10 m. diámetro; número 2 un túmulo circular do mesmo diámetro; núm. 3 un circo de pedras de 50 m. diámetro; núm. 4 un túmulo circular dolménico de 24 m. diámetro a mámoa e de 2'50 o dólmen; núm. 5 un circo de pedras de 20 metros diámetro; núm. 6 un túmulo circular de 31 m. diámetro, con dólmen; núm. 7 un túmulo circular dolménico, de 24 m. diámetro a mámoa e 2'30 o dólmen. O autor fai unha miuda e concenciosa descripcón de cada un dos moimentos, recollendo lendas e apuntando comparanzas, observando tamén unha sorte de *antigua calle abandonada*, paralela ao camiño e de uns 500 ms. longa e 5 de ancho flanqueada pol-os dous lados de pedras chantadas. O autor supón que os dous circos de pedras, que co camiño flanqueado de pedras son o máis curioso d'esta importante estazón, sexan *cromlechs*, desbotando a hipótese de que poideran servir pra delimitar o circo exterior de mámoas, pois d'elas se non observa alí restos, apuntando en canto ao destino que se lles poidera dar, abondosos paralelos etnográficos que semellan clasificalos coma santuarios ou recintos sagros, supondo que a disposición especial dos eiqui estudados pode afianzalo. Canto á cronoloxía, supón o conxunto da estazón como eneolítica.

Cotos e xurisdicións de Galiza—Pazo de Santa Mariña do Castro de Amaraute, por Antonio Taboada Roca. Foi iste pazo dos Condes de Torre Penela. O autor danos a descripcón do seu estado antigo, asegún as probas pra seren cabaleiros de Sant'lago don Pedro Tomás Oxea e o seu irmán don Gregorio, do seu estado actual, sua historia dende 1823, reproduz un inventario das alfaias existentes no século XVII, e fala dos primeiros donos, reproducindo anacos d'escrituras e testamentos, da meirande importancia pra historia social de Galiza.

Cotos y jurisdicciones de Galicia.—Villar de Ferreiros.—El Pazo—Sus poseedores—Inventarios de la casa en el siglo XVII, por Antonio Taboada Roca. Continuación da monografía encomendada no I volume dos *Arquivos*. Eiqui vén adicado aos inventarios, escrituras e curiosismos cartas do arquivo.

Ribadeu baixo o señorío dos seus condes, por Francisco Lanza. Estudo do réxime e estado xurídico, social e económico de Ribadeu baixo os seus Condes, asentado en fontes diversas. Dous puntos importantes do traballo son os seguintes: o autor comproba c'un texto collido do P. Risco na *España Sagrada*, que o foro de Ribadeu que apareza nos catálogos de *fueros* españois, non foi concedido á vila de Ribadeu, senón ao territorio antr'o Bume e o Navia, segregado de

Galiza en 1104 e chamado terra, encomenda ou concello de Ribadeu e de las Regueras. O outro é que, coma n-outros casos, os privilexios e liberdades dos veciños de Ribadeu, sucumbiron baixo o poder señorial na primeira metade do século XVI, é dicir, despois de, asegún andan dicindo as *historias*, tere nos Reis Católicos acabado co feudalismo.

MONUMENTOS DE PORTUGAL,
N.º 3, PORTO, por CARLOS DE
PASSOS, Porto, 1929.

ESTÚDASE n-iste volume a Catedral e as eirexas de Cedofeita e de Francisco. Comenza c'unha resumida historia moimental da cidade, na que hai referenzas ás antigas murallas, casas oxivás e moimentos desaparecidos, e avaliadas eruditas e curiosas notas, facendo constar o curioso feito da case ausencia do manuelino no Porto, do qual traí coma mostra a fermosa fenestra da antiga casa da Alfandega, e tamén a furia de restauracións clásicas qu'invaden a cidade dend'o século XVI. Estuda logo a Catedral, obra do século XII, encomenzada pol-a rainha Doña Tareixa (a que tamén debe Galiza varias fundacións) en estilo románico, que despois foi moi derramado con enxertos de toda caste, coma o vandalismo clasicista que fixo rebocar as voutas de pedra, cobrir os pilares antigos de cemento, cal, pedra e madeira pra convirtilos en pilastras Renacemento, e aínda picando pra desfaguelos os antigos capiteis, feito descuberto primeiramente pol-o Sr. Carlos de Passos. A desditada reforma fixérase de 1717-41, estando a Sede vacante. A descripcón é por miúdo e chea sempre de notas e alusións históricas. Tocantes á eirexa de Cedofeita, despois d'unha referencia ás porfías qu'arredor d'ela se moveron en col de si era ou non era a ergueita pol-o suevo Teodomiro, pona no 1.º cuarto do século XII, e supón se a primitiva foi a que hoxe sirve de ca vela-mor, e o demais foi acrecentado despois. A de San Francisco da ocasión ao autor pra manifestar o seu desgosto pol-o barroco e rococó, a pesar do qual os revestimentos de talla dourada do interior de San Francisco recoñéceos coma d'unha «magnificencia que non ten par nem no país nem no estrangeiro», e coma constituindo «uma das peças artísticas mais apparatusas de todo o mundo». É certo, mais se non debe tomar isto n-un senso tan peyorativo. É lástima que estas engádegas escondan un belo moimento románico-oxival, ademais úneco do seu período no Porto, mais non emporiso o rico barroco portugués deixa de ter valor artístico, nen deixan de ser

as tallas de San Francisco unha das súas culminanzas.

O volume trai 42 fotos e dúas mais entre as follas do texto e 22 deseños intercalados.

TRABALHOS DA SOCIEDADE PORTUGUESA DE ANTROPOLOGÍA E ETNOLOGÍA, Vol. IV, Porto, 1929.

CONTÉN OS seguintes traballos:

Bruxas e Medicina (folklore de Guimarães) por Luís de Pina. Despois d'unha introdución en col dos vestixos de cultos antigos relacionados co-a meicina, entre os descubertos na comarca de Guimarães, e notizas que se conservan en col das ideas médico-relixiosas dos antigos indíxenas, romanos e suevos, o autor, que considera a bruxa, nas súas diferentes variedades, coma a repersentante dos cultos antigos, estuda as relacións do sobrenatural coas doenzas na mente popular e os principais procedementos da meiquería terapéutica. O carate do traballo é tanto d'etnógrafo coma de crítico, e o criterio é de médico positivista.

Caracteres rúnicos e caracteres ibéricos, por Luís Cardim. O autor, despois de facer-se cárrego das hipóteses mais adoitadas pra esprical-a orixe das runas (a orientalista, a derivazón grega, a derivazón latina, a derivazón grecolatina, a dos alfabetos norditaliáns), ensamiña as concordanzas dos alfabetos ibéricos co rúnico, achando grandes afinidades co ibérico ceterior, e investiga as posibilidades d'unha transmisión dende a Península asegún os datos da arqueoloxía e a etnoloxía, supondo poidera haber unha conexión indirecta.

Varia. Nótulas asturienses, por R. da Serpa Pinto. — *Congreso Internacional de Antropología e Arqueología Prehistórica em Portugal*. — *Museu Antropológico do Porto* (adquisicións). — *Excavações arqueológicas em Espanha*. — *Eugenia no Brasil*. — *Instituto Arqueológico da Alemanha*. — *Afinidades galaico-portuguesas de folklore*, por Santos Junior, de que nos ocupamos aparte.

Unha copiosa *Revista bibliográfica*, de gran utilidade, e a Lista dos Membros da Sociedade e Istitucións coas que ten intercambio.

A ARA DE MARECOS, por José de Pinho (Sep. de *Penha-Fidelis*) Penafiel, 1928.

O autor danos n-iste traballo a interpretación d'unha ara que sirveu de pia d'auga bendita na capela da Senhora do Desterro

de Marecos (Penafiel), que contén unha adicazón á deusa indíxena *Nabicca*, sen dúbida idéntica ou relacionada co-a *Nabia* ou *Navia* xa coñecida, e a quen lle chaman, sendo escoreita a interpretación das siglas, *Virxe clarisema e Nai de Xúpiter*. Trátase d'un culto indíxena romanizado, e ten de particular a iscripção o nos dar certas luces en col da sinificazón e culto da deusa, en col de que, e dos pobos *salacianos* fai atinadas consideracións o autor. No comenzo do traballo trai tamén notizas sobre das supervivencias populares do culto do lume.

AFINIDADES GALAICO-PORTUGUESAS DE FOLCLORE, por J. R. SANTOS JUNIOR, ext. do fasc. 11 do vol. IV dos *Traballos da Sociedade portuguesa de Antropología e Etnología*, Porto, 1929.

O autor, Assistente da Faculdade das Ciencias do Porto e conservador do Museu de Antropologia, folklorista distinto, tendo lido o *Cancioneiro das ribeiras do Tea*, publicado en NÓS pol-os Sres. Bouza Brey e Brey Bouza, e achando a sorprendente semellanza entre aquelas cántigas e outras portuguesas da grande colección por el recollida, e fixo esta valiosa contribución ao estudo comparativo do folklore dos dous países. Pubrica pol-o tanto 44 paralelos de cántigas galegas e portuguesas. D'elas, 28 pol-o menos, ou son idénticas, ou conteñen pequeniñas variantes; das outras portuguesas de case todas poidéramos presentar outras idénticas ou variantes galegas. Algún día farémolo n-un traballo aparte.

De todo elo, coma de todas as demais observacións que levamos feitas, temos que concluir que hai algo mais que afinidade entre o folklore galego e o portugués; nós diríamos millor identidade. O Sr. Santos Junior, por mais que recoñeza a orixe común das manifestacións folkloricas dos dous pobos, apon gran parte ás condicións geográficas, a paisaxe, etc. Isto pode ter parte na conservación d'ise aparentamento: a súa produción require unha identidade espiritual que radica moito mais fondo. O folklore de Galiza e pol-o menos do Norte de Portugal é o mesmo; as variantes han ser as que se deben a influencias estranas que pode esprimentar unha bisbarra quedando as outras libres d'ela.

Moito apreciamos e agradecemos o valioso traballo do Sr. Santos Junior que ven contribuír en moito pra unha ollada sistematizada encol da nosa literatura popular.

REVISTAS

A NOSA TERRA, 1.º Xullo 1929.

SUMARIO: *Esquemas e lembranzas*, por Ramón Otero Pedrayo. — *A miña primeira interviú*, por Taibo. — *Pois verás...* por Víctor Casas. — *O destino do pazo*, por C. M. — *Liñas de loito*, (en col do irmán Abelardo Faxardo). — *Peneirando*. — *O Mariscal*. — *Lecturas*. — *Noiturno Compostelán*, por R. Carballo Caleiro. — *Unha interviú con Cabanillas*. — *Cántiga*, por Antón Goy Díaz. — *A unificación do idioma*.

25 Xullo (Día de Galiza)

SUMARIO: *Ao decorrel-os días*. — *Pasado e porvir*, por R. Otero Pedrayo. — *Non me esperes* (poesía), por Gonzalo López Abente. — *Eu vos digo irmans*, por Ramón Villar Ponte. — *Con ferreñas e pandeiro*, por Damil. — *Puntos do meu programa*, por Paulino Pedret Casado. — *Verbas d'Alvaro de las Casas*. — *En col d'un novo libro*, por Salvador Cabeza de León. — *Verbas de Millobre Pinto*. — *Peneirando*. — *A miña estrela* (versos) por Camilo Díaz Ballo. — *Unha afirmación inxusta*, por Ramón Villar Ponte. — *Mare Gallaticum*, por Portela Valladares. — *Lembranza* (por Rosalía e por Viqueira). — *Sinos de estanho e plomo de Santiago de Compostela*, por Xesús Carro, pro. — *Lambizos*, por R. M. L. — *Pois verás...*, por Víctor Casas. — *Epigramas* (versos) por Carlos Pulido. — *Impresións de Compostela*, por Xosé Vázquez Sánchez. — *A onda* (versos) por Avelino Rodríguez Elías.

N-iste número semella que tallou a censura ao seu pracer.

BOLETÍN DE LA REAL ACADEMIA GALLEGA, 1 Junio 1929.

SUMARIO: *Monografía histórica acerca del periodismo lucense*, por Eugenio Carré Aldao. — *Puentedeume y su comarca*, por Antonio Couceiro Freijomil. — *Sección Oficial: Asociación Iniciadora y Protectora de la Real Academia Gallega en la Habana: Nueva Junta Directiva; Obras recibidas para la Biblioteca de la Academia*. — *Colección de Documentos históricos*.

CÉLTIGA, Bós Aires, ns. 106, 107 e 108.

TRABALLOS de Rodríguez Elías, Goy Díaz, Xandomar, Manuel Pedreira, Damil, Xavier de Nada, Otero Pedrayo, A. Villar Ponte, Luis Corral, Peña Novo, W. Fernán-

dez Flórez, Johan Carballeira, C. C., Matias M. Escáriz, K. von Ifflinger, Lesta Meis, Benjamin Martínez Cadilla, Critias, etc. As sezóns de costume: *El momento de Galicia, Libros, Centros y Sociedades, Teatro, Sport, Seizón Uruguaya, Mosaico noticioso*, variadas informacióis. O abogado Xosé M. Rodríguez, traduz en galego anacos do libro de Cambó *La valoración de la peseta*. Coméntase o mais saínte da imprensa de Galiza recibida aló na quincena. Pubricanse fermosas fotos de momentos e paisaxes da nosa Terra, debidos a Ksado, caricaturas de Maza, Torres, etc.

REVISTA DEL CENTRO GALLEGO Montevideo, Abril, 1929.

TRABALLOS de A. Villar Ponte, Roberto Blanco Torres, Julio Sigüenza, Augusto Barcia, Manuel Lustres Rivas, Hipólito Tío Sánchez, José León Suárez, e diversas informacióis d'intrés.

PORTUCALE, Março-Abril, 1929.

EN cada número vai aumentando o valor do contido e ata o número de páxinas de esta eiscelente revista, de cote chea d'intrés. Iste número ven adicado en gran parte en homaxe ao ilustre escritor vianense João da Rocha (1878-1921), poeta, historiador, novelista, xornalista, pensador, investigador das ciencias ocultas, pedagogo, funcionario, militar e políptico, ricaz persoaalidade á que adican traballos Dr. Antonio José d'Almeida, Henrique Lopes de Mendonça, Justino de Montalvão, Prof. Alvaro V. Lemos, Dr. Antonio Baião, D. João de Castro, Dr. Antero de Figueiredo, Vice-almirante Vicente Almeida d'Eça, Antonio Correia d'Oliveira, Raúl Brandão, Prof. Dr. Mendes dos Remedios, Dr. Afonso Lopes Vieira, Dr. Julio Dantas, Dr. Jordão de Freitas, Dr. Alberto d'Oliveira, Prof. Rodrigo Fontinga, Dr. Ferreira Soares, Dr. L. de Figueiredo da Guerra, Prof. Manuel d'Oliveira Ramos, Julio Brandão, Prof. Hernani Torres, Dr. Luis de Magalhães e Dr. Claudio Basto, con mais publica un autógrafo de João da Rocha, contendo un soneto inédito, cartas inéditas de Teófilo Braga e Guerra Junqueiro e deseños de Antonio Carneiro, Celso Herminio, Alberto Meira, Barreiros Cunha, Sanches de Castro, Couto Viana, Cristiano de Carvalho e dez fotografías. O resto do sumario é o seguinte:

A estação asturiense de Areosa (Viana do Castelo), por Abel Viana. — *Varia: Adágios brasileiros*, por Afranio Peixoto. — *Santo Antonio*, por Severo Portela. — *Arquivo El-*

nográfico, por Claudio Basto. — *In Memoriam: Augusto Gil*, por Mayer Garção. — *Bibliografia*, por C. B. — *Novidades*. — *Leilões de livros*. — *Res et Verba: Antero de Quental, Exposições de Arte, Romenia e Portugal, Homenagem a Marques de Oliveira, Exposição Iconográfica de D. João VI e sua época, Obras de arte reconstituídas*.

SEARA NOVA, ns. 160-169.

ALGUNS artigos: *A evolução espiritual de Antero*, por Joaquim de Carvalho. — *Sobre uma página de Peguy*, por José Osório de Oliveira. — *O acordo de Latrão*, por Silva Bastos. — *A crise da democracia e as suas causas*, por Jacinto Simões. — *Cronicas angolanas*, por Gastão de Sousa Dias. — Artigos de polémica, d'educação, *Factos e Documentos*, *Calendário do Seareiro*, notas etc.

A AGUIA, Janeiro-Março 1929.

SUMARIO: Prosa: *A noção da vida na filosofia de Bergson*, por Eugénio Areste. — *Reflexões do scéptico*, por José Sant'Anna Dionísio. — *Crítica*, por Adolfo Casais Monteiro. — *Fernando Pessoa*, por João Gaspar Simões. — Poesia: *Deste amor tornei-me avaro*, por Eduardo Salgueiro. — Ilustração de Joaquim Lopes. — *Bibliografia*, de Sant'Anna.

BIBLOS, Coimbra, Vol. V, ns. 5 e 6, Maio e Junho 1929.

SUMARIO: Antonio de Vasconcelos, *Fragmento precioso dum códice visigótico*. — José María Rodríguez, *A dupla rota de Vasco da Gama em «Os Lusíadas»*, V, 4-13 e as objecções do Sr. Almirante Gago Coutinho. — Lonys Papy, *Le siège de Ciudad Rodrigo (1810)*. — Amorim Girão, *Questões geográficas*. — Manuel de Paiva Boléo (Trabalhos de alanos), *Génese do concelho de «tempo passado» e sua expressão nas linguas românicas*. — Francisco Moraes, *Da miniatura medieval e sua relação com os códices miniaturados da Biblioteca da Universidade de Coimbra*. — Guido Battelli, *Nel quarto centenario della morte del Sansovino (1460-1529)*. — Varia: *A evolução espiritual das gerações alemãs desde 1888 — Doutoramento*. — Padre José dos Santos Mota, *Métrica de Camões*.

O INSTITUTO, Coimbra, 4.^a serie, vol. 6.^o, núm. 4.

SUMARIO: *Terra de Santa Maria, Civitas Sanctae Mariae*, por Aguiar Cardoso. — *Armas indevidas*, por Armando de Mattos. — *Le Portugal et les Pays-Bas*, por Marquez

de Faria. — *Sobre o desvio geodésico*, por Ruy Lopes Gomes. — *Raizes da alma latina*, por Estanco Louro. — *Donjuanismo e antidonjuanismo em Portugal*, por Fidelino de Figueiredo. — *Subsídios para a história da música em Portugal*, por Sousa Viterbo.

O INSTITUTO, Coimbra, 4.^a serie, vol. 6.^o, n.^o 3.

SUMARIO: *O espírito do século*, por Sebastião da Costa. — *Mudança dos tumulos reais de Alcobaca*, por Virgílio Correia. — *Raizes da alma latina*, por Estanco Louro. — *As paisagens de Goethe, até à ida para a Alsácia*, pelo Dr. Ferrand P. d'Almeida. — *Donjuanismo e antidonjuanismo em Portugal*, por Fidelino de Figueiredo. — *Subsídios para a história da música em Portugal*, por Sousa Viterbo. — *O Mosteiro da Batalha por Virgílio Correia*, por A. Gonçalves. — *Bibliografia*.

BROTÊRIA, Porto, vol. VIII, fasc. VI Junho 1929.

SUMARIO: *O Problema da Levitação segundo um livro recente*, por J. M. de Buck. — *D. Sebastião*, por Francisco Rodrigues. — *O Infante D. Alfonso*, por Luis G. de Azevedo. — *Alguns deveres do Clero*, por E. Lombart. — *A aviação em marcha*, por M. Pizarro de Portocarrero. — *Notas e factos*. — *Revista de Revistas*. — *Notas Bibliográficas*. — *Obras recibidas na Redacção*. — *Efemérides*. — *Indices do vol. VIII*.

NAÇÃO PORTUGUESA, Serie V, tomo I, fasc. 11, Maio 1929.

SUMARIO: Antonio Sardinha, orador. — *As fontes petrarquistas do lirismo de Camões*, por Feliciano Ramos. — *A sinfonia das cores ou o arco-iris da gama popular*, por Luis Chaves. — *Método científico, história, política (moral) e tradição*, por Professor Dr. Cabral de Moncada. — *Na feira das Letras*.

TAULA, numero 21.

SUMARIO: 3.^a Taula de Poesia. — *Interrogacions*, por F. Caballero. — *Estampes de Paris*, por Artur Perucho. — *Discurs de Teodor Llorente*. — *Parlant de monuments*, por El Velluter. — *Guillem de Castro i Valencia*, por Eduard Julià Martínez. — *Pomell de poemes*, por Carles Salvador. — *El Jocs Florals*. — *Notes*. — *Bibliografia*.

Imprensa NÓS, Real 36-1.^a, A CRUÑA

P A R D O

ÓPTICO CENTÍFICO

Preguntoiro, 32
SANTIAGO

San Andrés 50
A CRUÑA,

CASA EISCRUSIVAMENTE ADICADA A ÓPTICA CENTÍFICA

FOTOGRAFABADO

Si quer qu-ós seus fotografabados sexan o mais perfeito posibres, convenlle envialos ao

Talleres de fotografabado ESPASA-CALPE S. A.

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

Xa apareceu

o segundo libro de

C O U S A S

por CASTELAO.

F. ROMAN E SACO

DROGUERIA

e FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono 28

OURENSE

Xa está á venda

Arquivos II

do Seminario d'Estudos Galegos

300 páxinas ❖ 100 fotografados ❖ 3 pesetas

Pedidos a «Nós», Real 36-1.º - A Cruña

Droguería e Farmacia

LUIS FÁBREGA

Progreso, esquina a Luís Espada

OURENSE

MERQUE VOSTEDE
Plumeiros RAFIUM

De mais dura qu'os de pruma e limpan
millor. Véndese en todol-os estabreci-
mentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

Lea vostede

Os Camiños da Vida

por R. Otero Pedrayo.

BODEGAS GALLEGAS, PEARES E OURENSE

Viños finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Blanco BRILLANTE

LOS GALLEGOS blanco e tinto

Macía e Valeiras, Apartado 18 - Ourense

SANATORIO QUIRURGICO DE SAN LORENZO

SANTIAGO DE GALICIA

DE LOS PROFESORES

D. Fernando Alsina

CIRUJANO

y

D. Antonio M. de la Riva

GINECÓLOGO

Establecemento dotado de todol-os elementos que exixen
a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas
da poboazón, moi cerca do paseo da Ferradura

Teléfono número 195

Pra detalles, calquera dos Directores ou o Médico interno



A hixiene dos nenos

é a garantía da súa saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás súas altas calidades meicifás xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribúe ó perfecto desenvolvemento das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.

**JABÓN
LA TOJA**
ÚNICO EN EL MUNDO



O Xabrón da Toxa
é o mellor.
Honra á Galicia no
mundo enteiro



AGUAS DE
MONDARIZ

FUENTES DE GÁNDARAY TRONCOSO

Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador

Véndese en total-as
Boticas, Droguerías
Hotels,
Depósitos d'augas
minerás,
Restaurants e
vagos-camas de
todol-os três

As mais indicadas en casos
de artitrismo, desnutrizón, diabetes,
obesidades diversas, doenzas do
aparello dixestivo, anemia
e neurastenia

Riquisma auga de mesa

gaseada naturalmen'e.

MONDARIZ - BALNEARIO

a 35 kilómetros de Vigo